

ROGO DE AER SOBRE A XESTIÓN DA BIOMASA NO DOMINIO PÚBLICO (Rex. Entrada 06.06.2018, 2018-E-RPLN-12).

PLENO 26 XULLO 2018. ACTA 09/2018

“1. Sobre a xestión de biomasa no dominio público de estradas e viais en Redondela.

A Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia respecto a xestión de biomasa en estradas e vías de comunicación establece:

Artigo 20 bis. Redes primarias de faixas de xestión de biomasa.

Nos espazos definidos como redes primarias de faixas de xestión de biomasa será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei:

a) Ao longo da rede de autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais, deberase xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei, nos terreos incluídos na zona de dominio público. Ademais, nos ditos terreos non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei.

b) Ao longo da rede ferroviaria, deberase xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei, nos terreos incluídos na zona de dominio público. Nesta faixa non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei.

Artigo 21 ter. Persoas responsables.

1. Con carácter xeral, entenderase por persoas responsables:

b) Nos supostos a que se refiren o artigo 20 bis e, de ser o caso, a letra b) do artigo 21 bis, as administracións públicas, as entidades ou as sociedades que teñan encomendada a competencia sobre a xestión, ou cedida esta en virtude dalgunha das modalidades previstas legalmente, das vías de comunicación, liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica, subestacións eléctricas, liñas de transporte e distribución de gas natural e estacións de telecomunicacións.

Nas estradas dependentes de diversas administración (deputación, Xunta de Galicia e Goberno Central) que transcorren polo territorio do Concello de Redondela vese observando que as accións de xestión de biomasa limítanse a rozas dun 2-3 metros nas beiras destas vías. A lexislación indica que deben actuar sobre todo o dominio público polo que en numerosos casos queda parte desta superficie sen rozar ou sen cortar as árbores non autorizadas.

Por todo o mencionado,

ROGAMOS que por parte do goberno local demanden ás diferentes administracións con vías de comunicación en territorio de Redondela que cumpran a lexislación de incendios en canto a xestión de biomasa e eliminación de arborado non autorizado en toda a franxa do dominio público e non só nos 2-3 metros das beiras.”